


# A TRABE DE OURO


---

PUBLICACIÓN GALEGA DE PENSAMENTO CRÍTICO



TOMO I./ ANO XVII./ 2006  
Xaneiro • Febreiro • Marzo

S E P A R A T A



---

DON JUAN ANTONIO POSSE,  
O CREGO LIBERAL: FIGURA SENLLEIRA  
DE VIDAS DE SABIOS.  
UN ESTUDO DAS AUTOBIOGRAFÍAS  
DOS SÉCULOS XVIII E XIX

---

Xosé M.<sup>a</sup> Lema Suárez

---

## ANTECEDENTES. BREVE NOTA INTRODUTORIA

Hai xa case sete anos, no número 39 d'A TRABE DE OURO (xullo, agosto e setembro de 1999), publicábase unha reseña bibliográfica remitida desde a Universidade de Berkeley (California, EUA) polo seu profesor emérito Richard Herr, un dos hispanistas que mellor coñecen o séc. XVIII español. Tal reseña facía referencia a unha publicación miña sobre o crego liberal don Juan Antonio Posse,<sup>1</sup> quizais o primeiro protonacionalista galego do séc. XIX. Richard Herr fora o editor das famosas memorias<sup>2</sup> deste crego galego (nado en Soes-

---

<sup>1</sup> R. Herr (1999): «Xosé M.<sup>a</sup> Lema Suárez: *Un novo documento de Don Juan Antonio Posse: A 'Plática Tercera' (1838)*»; *A Trabe de Ouro*, nº 39 (pp. 101/397-104/400).

<sup>2</sup> J. A. Posse (1984): *Memorias del cura liberal don Juan Antonio Posse, con su Discurso sobre la Constitución de 1812* (edición a cargo de R. Herr); CIS / Siglo XXI; Madrid (293 pp.).

to, Laxe, en 1766) que exercera o seu ministerio en varias parroquias leonesas nos difíciles anos da Guerra contra os franceses (1808-1814) e ó longo do nefasto reinado de Fernando VII (1814-1833), caracterizado por unha sistemática e implacable persecución dos liberais. Ademais, Posse significárase, entre outras cousas, por unha valente e arriscada defensa pública da Constitución de 1812.

Algún tempo despois, con data do 26 de decembro de 2000, chegábame desde a Universidade de Cádiz unha carta do profesor Fernando Durán López, da Facultade de Filosofía e Letras, que entre outras cousas me dicía o seguinte:

En fecha reciente he tenido noticia de su libro sobre Juan Antonio Posse con la edición de la *Plática Tercera*.<sup>3</sup> Con este motivo me tomo el atrevimiento de hacerle llegar un par de artículos míos donde estudio algún aspecto limitado de la obra autobiográfica de ese escritor.<sup>4</sup> Tengo un gran interés en Posse, de quien en 1997 incluí una entrada en un *Catálogo comentado de la autobiografía española (siglos XVIII y XIX)* que me publicó la editorial madrileña Ollero & Ramos; es también uno de los autores que con más extensión y detalle trato en mi tesis doctoral sobre la autobiografía de ese mismo período. Allí le dedico un buen número de páginas, porque sin duda es uno de los mejores escritores del momento en ese género y es una verdadera lástima lo poco que sabemos de él y lo desconocido que sigue su nombre en las letras españolas. También tengo en marcha alguna investigación todavía incierta sobre otros aspectos desconocidos de su producción, que espero culminar en fecha próxima. Es por eso que me ha alegrado encontrar en su libro un buen número de referencias bibliográficas recientes sobre Posse en periódicos y revistas gallegas, que ignoraba por completo y que me serán útiles. Espero que en adelante podrá usted tener en cuenta que también en el extremo sur de la península hay quien se preocupa por su ilustre paisano. [Asdo.: Fernando Durán López].

Na miña carta de resposta (do 18-1-2001) adxuntáballe dúas separatas d'A TRABE DE OURO: unha da referencia bibliográfica de R. Herr e a outra de R. Mariño Paz,<sup>5</sup> profesor da Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago, que tamén entrara no que eu denominaba festivamente o «club de fans» do crego Posse. Sen consultalo previamente cos amigos da mesa de redacción d'A *Trabe* tomara a liberdade de ofrecerlle as páxinas desta revista para algún traballo inédito seu sobre a cada vez máis interesante figura de Posse, desde o seu punto de vista.

Respondeume cunha nova carta, moito máis extensa cá primeira (datada o 22-1-2001), na que en primeiro lugar me indica que tivera coñecemento da miña edición da *Plática Tercera* (1838) de Posse por unha reseña que fixera dela en 1998 Alberto Gil Novales, que eu descoñecía.<sup>6</sup>

<sup>3</sup> Referíase a *Un novo documento de don Juan Antonio Posse: a 'Plática Tercera' (1838)* (introdución, edición e notas de X. M.<sup>a</sup> Lema Suárez); Cuadernos de Estudios Gallegos. Monografías 3; Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento; Santiago 1998 (99 pp.).

<sup>4</sup> Eran os seguintes: F. Durán López (s/d): «Autobiografía, espacio urbano e identidad del intelectual ilustrado: el caso de Mor de Fuentes», en *Cuadernos de Ilustración y Romanticismo. Revista del Grupo de Estudios del Siglo XVIII*, nº 3 (pp. 75-88), Universidad de Cádiz; e F. Durán López (1997): «El campo y la ciudad en los albores de la autobiografía moderna en España (Mor de Fuentes, Posse, Somoza)», en *Cuadernos de Ilustración y Romanticismo*, nº 4-5 (pp. 81-97).

<sup>5</sup> R. Mariño Paz (2000): «O idioma galego na vida, na obra e na época de Juan Antonio Posse (1766-1854), Manuel Pardo de Andrade (1760-1832) e Francisco del Valle Inclán (1736-ca. 1808)», en *A Trabe de Ouro*, nº 41 (pp. 27-48).

<sup>6</sup> Esta reseña de *Un novo documento... A 'Plática Tercera' (1838)*, publicáraa Gil Novales en 1998. Nela dise o seguinte:

«La publicación de Richard Herr en 1984 de las *Memorias* de Posse ha significado una renovada actividad investigadora en torno a su figura. Fruto de ella es el descubrimiento y publicación de la *Plática*»



Pasando ó texto da misiva, entre outras cousas, nela dicíame o seguinte:

Respecto a su oferta de preparar algún trabajo para la revista A TRABE DE OURO, desde luego que la acepto, aunque no de manera inmediata. Actualmente estoy terminando mi tesis doctoral, en la que dedico muchas páginas a las memorias de Posse, y hasta dentro de unos meses no podría preparar algo presentable con este material. He pensado que sería bonito reelaborar y ampliar en forma de artículo la parte que dedico al aspecto más inusual de la autobiografía de nuestro autor: tal vez no sea fácil reparar en ese dato sin tener el suficiente contexto, pero la obra de Posse es del todo extraordinaria en la historia de la autobiografía española por muchos conceptos, pero en concreto es la única (salvo algún otro raro caso) que incluye un relato de infancia extenso, hondo y conectado con el estudio de su personalidad íntima, algo que no se encuentra en ningún autor español de su época, ni anterior ni posterior, al menos hasta principios del XX. A mi juicio esta valoración de la infancia está muy relacionada con su nostalgia y amor por Galicia, y con el resto de características de su obra, que lo convierten en un autor muy adelantado a su tiempo y muy aislado entre sus contemporáneos. Me gustaría exponer estas ideas e incluso me atrevería a escribirlas en gallego, que es mi lengua materna (mi familia es de Bueu), aunque no aseguro que el resultado pudiera ser muy aceptable. Si le parece bien y si su ofrecimiento sigue en pie, le reiteraré esta propuesta más en concreto dentro de unos meses, cuando esté en condiciones de dedicarle el tiempo necesario.

Seguía falando na carta doutras investigacións con miras a localizar máis artigos escritos por Posse (en *El ciudadano por la Constitución*, etc.), abrigando a esperanza de localizar esas ansiadas últimas páxinas do manuscrito das súas memorias, as correspondentes ó período 1820-1834, que non puideran ser publicadas nunca. Durán non tiña moitas esperanzas en atopalas, pois «si se quedaron en manos privadas en Madrid, es posible que perecieran en las destrucciones que trajo da guerra civil, aunque nunca se sabe».

---

ca Tercera, de Posse (así llamada porque hubo una segunda todavía no localizada). Es un texto de una gran riqueza, tanto desde el punto de vista biográfico, como documental, sobre la situación de España en aquellos años en los que empezaba a regir la Constitución de 1837. A lo primero, a la biografía, contribuye poderosamente la Introducción del editor, en lo que llama «Primeira parte», con documentos, si no nuevos, ya que él mismo los había publicado previamente, sí expuestos conjuntamente, y sistematizados [refírese en concreto á partida de bautismo de Posse (1766), na pág. 52; a unha Citación xurídica á nai do crego, Mariana Varela, de 1819; e á súa acta de defunción e o seu testamento, de 1854, contidas nas páxinas 54-56].

La segunda parte es la edición de la *Plática*. Volvemos a encontrar al mismo personaje extraordinario, que ya un día nos maravillara, que no ha renunciado a nada de lo que pudiéramos llamar sus posiciones rupturistas, y su defensa del colectivismo agrario. Hay que destacar su crítica, lúcida y valiente, como de él podíamos esperar, de esa Constitución de 1837, caracterizada por su servilismo monárquico, y su defensa también de la participación del clero secular en las Cortes. Si el clero es malo, razona el autor, no es porque sea clero, sino por la educación que se le da y por los ejemplos que recibe. Puesto a otear el horizonte, en busca de inspiración política, Posse sorprendentemente se fija en el gobierno sueco, al que alaba: sorprendentemente porque no creo que Suecia haya sido con anterioridad modelo para nuestros tratadistas.

En definitiva, estamos ante una pequeña, pero muy importante aportación a la Historia de nuestro siglo XIX. El editor parece discípulo de Xosé M. Barreiro (sic). Ha hecho una labor de categoría, en la que a veces hay más fogosidad que medida (...). Lo importante es lo que nos ha dado, que es mucho» (A. Gil Novales.- «Xosé M.<sup>a</sup> Lema Suárez (ed): *Un novo documento de Don Juan Antonio Posse. A 'Plática Tercera' (1838)*, Introducción, edición e notas de..., Cuadernos de Estudios Gallegos. Monografías 3. Santiago de Compostela 1998, 99 páxs., en *Trienio*, nº 32, novembro de 1998).



## O ESTUDO ACTUAL

Unha vez refrescada a memoria sobre a figura de J. A. Posse e a súa relevancia, aínda non recoñecida como é debido na Historia contemporánea de Galicia, falaremos do último estudo sobre a obra do sacerdote, contido nun groso volume de 514 páxinas que desde a Universidade de Cádiz amablemente nos remitiu o xa citado Fernando Durán López.

O libro leva o título xenérico de *Vidas de sabios. El nacimiento de la autobiografía moderna en España (1733-1848)*,<sup>7</sup> e vén sendo a versión abreviada de varios capítulos da tese de doutoramento do seu autor: *La autobiografía moderna en España: nacimiento y evolución (siglo XVIII y principios del XIX)*, dirixida por Alberto González Troyano e lida en xuño de 2001 na Universidade de Cádiz.

O libro consta dunha Introducción e nove capítulos, rematando cunha Conclusión e a Bibliografía utilizada.

Na *Introducción*, Durán López fala do propósito da súa obra:

formular una revisión crítica de la historia y los logros de un género literario tradicionalmente menospreciado, el de la autobiografía, en el momento más determinante de su evolución dentro de la literatura y la sociedad española. Ese momento no es otro que el siglo XVIII y las primeras décadas del XIX, es decir, el período que la crítica ha establecido como el de la incorporación del género autobiográfico a un lugar relevante de la vida cultural en Occidente (p. 15).

No apartado final desta introdución formula o seu plan de traballo (páx. 55): primeiro un estudo serial de todos os textos asequibles que se podían agrupar baixo a etiqueta de vidas literarias e autobiografías modernas propiamente ditas. Uns vinte autores do séc. XVIII e principios do XIX como Manuel Martí, Gregorio Mayáns, Frei Matín Sarmiento, Tomás de Iriarte, José de Viera y Clavijo, Antonio de Capmany, José Vargas Ponce, Juan Antonio Llorente, Juan Sempera, Simón de Rojas, Sebastián Miñano, Manuel López Cepero, Francisco de Saavedra, Gaspar Melchor de Jovellanos, Leandro Fernández de Moratín, Juan Antonio Posse, José Mor de Fuentes e algúns outros. Trátase dunha lista extensa que abarca un século longo entre as dúas datas extremas de 1733 —a de Martí— e 1848 —a de Cepero.

Organízase en dous bloques: as trece primeiras pezas considéraas na categoría de vidas literarias (enche todo o capítulo II), mentres que as outras inclúeas baixo a etiqueta de autobiografías modernas plenas (o capítulo III).

En segundo termo expón de maneira conxunta no resto dos capítulos (do IV ó IX) as principais características que presenta esta clase de escritura autobiográfica, cruzando os datos procedentes de todos os textos seleccionados a través dos principais temas e contidos que inclúen e a través dos cales se define un modelo de identidade, o do sabio ilustrado: a vida intelectual, o tratamento dos espazos, o relato xenealóxico, a infancia e os estudos, a intimidade e a privacidade, o papel da historia e a política.

Nesta relación de autores teñen un especial protagonismo dous galegos: Fr. Martín Sar-

<sup>7</sup> F. Durán López (2005): *Vidas de sabios. El nacimiento de la autobiografía moderna en España (1733-1848)*; CSIC / Instituto de la Lengua Española; Madrid.



miento e Juan Antonio Posse, ós que cómpre engadir, aínda que só circunstancialmente, o Padre Feixoo. Os tres eclesiásticos, como se pode ver.

O Padre Sarmiento ten presenza no apartado 11 do capítulo II («El P. Sarmiento, vida y viajes literarios», pp. 146-150) e no 3 do V, dedicado ás viaxes e ós espazos («Sarmiento, Viera, Saavedra y Llorente: cuatro caras de un mismo viaje», pp. 338-344). O P. Feixoo unicamente nos apartados 9 e 10 do capítulo II («Martí, Mayáns y Feijoo ante la autobiografía», páx. 136-145).

Un dos principais protagonistas deste documentado estudo de F. Durán é, xa que logo, Juan Antonio Posse, a quen lle dedica o investigador case en exclusiva máis de 35 páxinas: as comprendidas nos apartados 8, 9 e 10 do capítulo III, no 4 do capítulo V, no 7 e o 8 do VII, e o 5 dos capítulos VIII e do IX.

No capítulo III («Juan Antonio Posse, la impronta de la niñez», pp. 244-256), dedicado ás autobiografías modernas plenas, tal como anunciaba o investigador, faise a presentación do crego galego, cun telegráfico resumo da súa vida, baseado nas súas memorias e completado coas novas achegas documentais dos últimos anos procedentes de Galicia (pp. 244-245): fálase do seu nacemento en Soesto (Laxe) en 1766; da súa marcha ó reino de León ós 12 anos; dos seus estudos en León e na Universidade de Valladolid; dos seus primeiros contactos con obras xansenistas; das lecturas de libros prohibidos e primeiros choques coa Inquisición; do seu primeiro curato en Llánaves (1793), na serra leonesa e do seu segundo en Lodares (1798), xa no páramo leonés, onde aprendeu francés pola súa conta para poder ler libros prohibidos (mediante influencias obtivo licencia para acceder a eles, e xa daquela era lector asiduo de Tamburini, Mably, Rousseau, partidario da república francesa e mesmo de Napoleón antes do seu xiro cesarista).

En 1807 chegou a San Andrés del Rabanedo, o seu terceiro curato, moi cerca da propia cidade de León —hoxe un arrabaldo dela—, e alí o sorprenderá a Guerra da Independencia contra os franceses. Incitou os seus fregueses á rebeldía contra os invasores e mesmo tivera que fuxir a Galicia. En 1812 publicou a seu famoso *Discurso sobre a Constitución de 1812*, defensa do traballo constitucional de Cádiz que lle ocasionaría a persecución por parte dos absolutistas á volta de Fernando VII. Tras ser encarcerado, en 1820 liberárono, e os liberais chegaron a ofrecerlle un bispado, que rexeitou. Mostrouse crítico coa política dos seus amigos liberais no Trienio, e neste contexto é cando escribe ó grupo liberal da Coruña propoñendo nada menos que a independencia do seu país, Galicia. Por continuar aínda perdida a última parte das súas memorias, nada sabemos da súa vida no período 1820-1834. En 1838 publicou outro sermón político cunha certa análise da Constitución de 1837, censurando as excesivas prerrogativas outorgadas á monarquía, froito das excesivas concesións ó moderantismo. Malia a súa morriña constante cara á súa *patria*, Galicia, o seu *amor vivísimo* por ela, e os seus intentos por lograr un curato en Santa Sabiña (comarca de Xallas), morreu sendo cura de San Andrés en 1854, á lonxeva idade de 88 anos.

Como punto de partida, Durán López salienta de Posse o feito de que nunca esqueceu as súas humildes orixes rurais (p. 245). Polo que respecta ó seu pensamento, subliña a súa pertenza á corrente menos individualista da Ilustración, a menos liberal, pois sempre se amosou partidario da propiedade colectiva agraria. A esta postura radical súmanse outras que malamente casaban coas dos constitucionalistas de 1812: a súa firme crenza na lexitimi-



midade da soberanía popular por enriba de calquera xustificación histórica, a súa defensa do sistema republicano, e a súa sorprendente proposta de converter Galicia en independente, que, na opinión de Durán,

no es sino la formulación extrema de una cualidad que asoma por toda su obra escrita: un intenso sentimiento de pertenencia a su tierra natal, que ha podido ser interpretado modernamente como protonacionalismo gallego (p. 246).<sup>8</sup>

Para Durán, máis aínda que as súas ideas, o máis atractivo do crego é a personalidade que revela a súa escritura nas únicas tres obras que lle coñecemos:

[Posse] es uno de esos escritores anónimos postergados por una coyuntura histórica, un modo de vida y una suerte personal que han contribuido a oscurecerle (...), pero en sus líneas brilla una mente lúcida y vigorosa (...). Sin duda, España ha perdido en él un gran escritor que apenas nos ha dejado algunos retazos de un talento que no pudo nunca dejar salir. Todo esto le convierte en una figura peculiar del primer liberalismo español, que necesitaría un estudio más detallado... [pp. 246-247].

Nesta última páxina (247) o investigador, nunha nota a pé de páxina, fai especial mención das recentes achegas de investigadores galegos á figura do presbítero con posterioridade á publicación das memorias por R. Herr (1984); en concreto, J. L. Pensado, en 1991, sobre os galeguismos do seu castelán;<sup>9</sup> Lema Suárez (1998) e Mariño Paz (2000), este, como xa dixeran, nun traballo publicado n'A TRABE DE OURO.

Nas páxinas seguintes deste capítulo, Durán analiza polo miúdo a *Historia biográfica* do crego, capítulo a capítulo (pp. 248 e ss). Nesta análise salienta o carácter antropolóxico da súa prosa, pola súa excelente descrición da vida campesiña galega e leonesa do seu tempo (p. 250), a súa sensibilidade rousseauniana (p. 251), o seu dominio dos recursos do seu estilo literario (p. 252). Todo isto e moito máis leva ó investigador a afirmar que

las memorias de Posse son de las más avanzadas, lúcidas y completas de su tiempo (p. 252).

O apartado que se lle reserva no capítulo V, dedicado ás viaxes e ós espazos («Posse en la montaña: memoria y desengaño», pp. 345-352) trata da dicotomía campo/cidade na obra do eclesiástico, que por unha parte presenta o campo (Soesto, o seu lugar natal de Galicia; Llánaves e Lodares, os seus primeiros curatos na serra e no páramo leonés, respectivamente) como

un territorio desértico si lo considera desde el punto de vista intelectual, con ribetes de barbarie; para alguien que demuestra tan intenso y apasionado amor a los libros y al conocimiento le suponen un destierro intolerable (p. 352).

Pero pola outra acábao idealizando como un paraíso perdido; afirma o investigador que

<sup>8</sup> Quen primeiro o encadrou así foi o seu descubridor, o propio Richard Herr no comentario final ás memorias: «en libertad [Posse] bajo el Trienio Constitucional, pero desengañado con los Liberales, que no son mejores que los demás, termina —por estas razones— convertido, curiosamente, en un protonacionalista gallego» (Posse; 1984: 292). No meu traballo de 1998 limiteime a seguir e corroborar a formulación do ilustre hispanista norteamericano.

<sup>9</sup> Pensado, J. L.: «Las memorias del 'cura liberal'» (*La Voz de Galicia*, 5-9-1985).



esa idealización é retrospectiva, un produto dos seus fracasos na política e das represalias sufridas (p. 352).

No capítulo VII, dedicado ós relatos de infancia, volve a figura de Posse a cobrar gran protagonismo, por ser un dos poucos autobiógrafos da época que se detén a narrar polo miúdo os primeiros anos da súa vida, quizais aventurando á maneira freudiana a influencia que estes actos —negativos na súa maior parte— tiveron na súa etapa adulta («Juan Antonio Posse, el niño como protagonista», pp. 407-417). Segundo F. Durán, o caso de Posse

queda como el más desarrollado de todos los que voy a considerar, en cuanto al papel concedido a la niñez y a las relaciones familiares, en su línea de practicar una autobiografía en la que la realidad del individuo se practica sin desatender casi ningún aspecto público o privado (p. 407).

Salienta o investigador que o crego lembra unha infancia penosa, «más triste que la de otros hombres», e fala da brutalidade dos costumes da súa aldea, do xenio colérico do seu supersticioso pai —que é o seu freudiano contramodelo, ó que por nada quere parecerse e que intenta superar—. Paradoxalmente, cando ós doce anos o levan para León, en vez dunha liberación vive isto coma un desterro. Non obstante, cando ó cabo de doce anos volva a Galicia por vez primeira desde que marchara (en 1790), xa con 24 anos, temos a impresión de que o país bárbaro que deixara na súa infancia se tornara nun verxel, nun paraíso insuperable, un «espacio de felicidad impregnado de nostalgia» (p. 410); nesta viaxe aparece por primeira vez a figura da nai, a quen trata —tamén moi freudianamente— con moito agarimo, e estas vacacións xuvenís serán recordadas para sempre como un idílico reencontro coa súa Terra de nacencia.

A partir de entón nunca perderá este lazo sentimental coas súas orixes, mesturado con outro risco do carácter do eclesiástico que o distingue dos seus contemporáneos: o seu intenso amor por Galicia. O amor *vivísimo* pola súa *patria* xa merecera un apartado especial no meu estudo de 1998 (Lema Suárez; 1998: 35-37), e tamén foi retomado agora por Durán López nesta obra que comentamos, pois dedícalle a nota 10 das pp. 411 e 412, que ocupa tres cuartos de páxina; nesta nota analízase a súa posible «posición nacionalista [galega]», manifestada en grao sumo coa súa inesperada proposta independentista enviada en 1820 á Coruña;<sup>10</sup> Durán López contrapesa, con razón, esta sorprendente declaración coa constante «profesión españolista y la defensa de un concepto liberal de ‘nación’ identificada con España» ó longo das súas memorias, especialmente manifesta no seu sermón constitucionalista de 1812.

No capítulo VIII, dedicado á vida cotiá, «el espacio de lo íntimo y lo privado», a figura de Posse analízase no apartado 5 («Posse, una vida completa», pp. 448-454). Trátanse nestes capítulos as vidas amorosas contadas nas autobiografías. O crego Posse, malia asegurar —sen que ninguén llo pedira, ¿ou si?— que nunca se quixera implicar en intrigas amorosas, non refuga falar da súa particular vida sentimental, ou, polo menos, da atracción que

<sup>10</sup> «Por esta desconfianza [nos novos gobernantes liberais, que tomaran o poder en 1820 co pronunciamento de Riego] y presentimiento de nuestra ruina escribi a La Coruña y a mi país para tratar de hacerse independiente, erigiéndose en República libre y separada de los demás, pues tenían todo lo necesario para poderse gobernar por sí mismos. Y en este caso podían hacerse confederados de los otros españoles, aliados natos de los ingleses y otras cosas de esta especie que entonces me ocurrieron. No gustó esta protesta, y aun fue causa de que se me tuviese por loco en lo sucesivo, y me vi precisado a recoger velas no volviendo a hablar de ello» [Posse (1984; 249)].



sentira por certas mulleres ó longo da súa vida, especialmente na adolescencia (e, ó revés, a que sentiran por el non poucas, polo que deixa entrever). Durán López precisa que

Es más asombrosa la abundancia de este tema [a vida amorosa] en la autobiografía del cura Posse porque su evidente inclinación sensual se refleja en forma negativa, contando una y otra vez que no tuvo trato íntimo con ninguna mujer, pese a las oportunidades; podemos conjeturar que estamos ante un freudiano retorno de lo reprimido (...) [p. 449].

O investigador amósase máis que dubidoso da total observancia da castidade por parte do sacerdote e da que tamén dubidaremos outros:

¿De verdad no sabe si era por vergüenza o por sentido del honor ¡bien o mal entendido!? Está afirmando ni más ni menos que la fornicación podría ser lícita, ya que se prohibición se puede malentender como un concepto erróneo del honor. Más que no saberlo, se sospecha que no se atreve a hablar con claridad (p. 450).

Por último, no capítulo IX, dedicado á historia e á política, Durán dedícalle ó presbítero o apartado 5 («Posse, el hombre que vio la revolución», pp. 477-481).

Polo menos en dous momentos distintos, o xa ancián Posse —redactou as memorias pasados os 67 anos— agradécelle a Deus ter visto a revolución. Neste apartado analízase a incorporación da historia externa ó seu relato autobiográfico, que empeza como momento clave o ano 1808, o da invasión francesa, o ano da revolución importada de Francia. Despois virán os problemas polas súas ideas políticas, polo seu anticlericalismo, pola súa crítica á Inquisición, pola súa velada defensa do sistema republicano, explícita nas súas memorias:

por eso los malos quieren Monarquía, para engañar más fácilmente, y los buenos República, para no depender sino de las leyes (Posse; 1984: 160).

Neste apartado Fernando Durán dará remate ó seu pormenorizado, vivo e sincero estudo da autobiografía do noso ilustre paisano, con esta afirmación rotunda:

En síntesis puedo decir que Posse ofrece el panorama más rico y completo de todos los autores de este estudio en este capítulo. Su mentalidad moderna le hace finalmente consciente de su personal condición histórica, del entorno por el que se vio determinado en hechos trascendentales de su vida, pero sabe también centrarse en esa vida, iluminándola con la historia de su tiempo y no oscureciéndose a sí mismo con ese deslumbramiento (p. 481).

En suma, esperamos que este espléndido estudo deste profesor-doutor gaditano de raíces galegas, que nos chega da *fisterra* meridional peninsular, sirva para situar dunha vez por todas a figura senlleira de don Juan Antonio Posse no lugar histórico e literario que por xustiza lle corresponde.

Agardamos tamén que Durán López poida cumprir agora coa súa loable intención manifestada naquela carta que me remitira en xaneiro de 2001: a de escribir para esta publicación galega de pensamento crítico, A TRABE DE OURO, e na súa lingua materna, un bo artigo de síntese sobre este persoeiro de tan variadas e ricas facetas. Rematado con éxito o arduo traballo de investigación que supuxo a súa tese de doutoramento, el é quen mellor se atopa nestes momentos en condicións de facelo: ¡os tempos son chegados!